



DECRETO DA PRESIDENCIA

Asunto: criterios de aplicación para o goce do permiso de lactación

EXPEDIENTE: 2023/G003/000104 **EXPEDIENTE ORIXE:** 2023/E007/000001

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe-proposta da Xerencia do 24.03.2023, do seguinte teor literal:

<<(…) **Ao abeiro do disposto no artigo 16 dos estatutos reguladores do Consorcio, emítese o seguinte**

INFORME:

Mediante Decreto da Presidencia núm. 126/2021 de 20.05.2021 establecéronse os criterios de aplicación para a concesión e goce do permiso de lactación, de conformidade co seguinte:

<<(…)

A) Prazo para a súa solicitude: *deberá presentarse a solicitude, no seu caso, unha vez rematado o período de paternidade/maternidade e cunha antelación de 15 días hábiles ao seu goce.*

B) Tempo de goce: *dadas as características especiais das quendas de traballo establecidas, consistirá en dúas (2) horas de ausencia por quenda de 24 horas, ben ao principio ou o final da mesma ou ben 1 hora o principio e outra hora o final.*

C) Goce do permiso de lactación acumulado: *o artigo 37.4 do Estatuto dos Traballadores prevé tamén a posibilidade do goce acumulado previa negociación individual, ante a ausencia de negociación colectiva específica na materia. Esta acumulación será por xornadas de traballo completas e de xeito continuado, sen saltos diarios nin por unha duración inferior a da xornada laboral segundo o cuadrante, agás que o número de horas de goce restantes sexa inferior o da xornada.*

Tomarase como base para o cálculo os días que resten dende o remate do período de paternidade/maternidade e ata que o/a menor cumpra 9 meses, de xeito retribuído, e no caso de alongarse ata os 12 meses, sen retribución. Respecto do anterior teranse en conta os días de traballo efectivo segundo o cuadrante de traballo, non comprendendo por tanto, os períodos de vacacións ou outras ausencias que xa estean solicitados ou dos que se teña coñecemento.

Por necesidades do servizo, durante o goce acumulado non se poderán facer cambios de quenda, salvo situacións excepcionais, debidamente xustificadas, e previa autorización por parte da Xerencia.(…) >>

Logo de ver as sentenzas relativas ao goce do permiso de lactación recibidas, cómpre modificar os criterios de aplicación para a solicitude do devandito permiso, en especial no caso de solicitude de acumulación en xornadas continuas.

Consoante ao establecido nestas sentenzas, é de aplicación os artigos 48 e 49 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Logo de ver o anterior, proponse a Presidencia, en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e do artigo 14 do estatutos reguladores do Consorcio, a adopción da seguinte

RESOLUCIÓN:



PRIMEIRO.- Modificar os criterios de aplicación para a concesión e goce do permiso de lactación reflectidos no Decreto da Presidencia núm. 126/2021 de 20.05.2021 nos seguintes termos:

O permiso de lactación regularase polos artigos 48 e 49 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Prazo para a súa solicitude: A solicitude deberá presentarse cunha antelación de 15 días hábiles ao seu goce, ao tratarse dun servizo de emerxencias, e co fin de poder garantir a súa correcta prestación.

Tempo de goce:

Xornada de traballo en quendas de 24 horas:

Por lactación dun fillo menor de doce meses terán dereito a tres horas de ausencia do traballo (1 hora por cada 8 horas traballadas) que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en unha hora e media ao comezo e ao final da xornada, ou en tres horas ao comezo ou ao final da xornada, coa mesma finalidade.

Por necesidades do servizo, durante o goce acumulado non se poderán facer cambios de quenda, salvo situacións excepcionais, debidamente xustificadas, e previa autorización por parte da Xerencia.

SEGUNDO.- Dar traslado desta resolución ao Comité de Empresa e aos Sarxentos dos SPEIS, para a súa publicación, e a efectos do seu coñecemento xeral.(...)>>

De acordo coa mencionada proposta e ao abeiro do disposto no artigo 37.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos Traballadores, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta nos seus mesmos termos.

SEGUNDO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente

Carballo, na data da sinatura dixital

O presidente,
Valentín González Formoso

A secretaria interventora,
M. Graciela Riveiro Moreira